

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA CONTRATACIÓN DA DOCENCIA PARA IMPARTIR FORMACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NO OBRADOIRO *DUAL DE EMPREGO ARQUIVALUGO* E A SÚA VEZ PARA OS GASTOS DERIVADOS DA LICITACIÓN DO MERCADO DE NADAL ORGANIZADO POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL.

Visto o expediente tramitado para modificar o plan de investimentos dentro do vixente orzamento do exercizo 2024, que leva asociada unha transferencia de crédito núm.: 53-2024, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura as obrigas de carácter económico derivadas da contratación da docencia para impartir formación en materia de prevención de riscos laborais no obradoiro *Dual de Emprego Arquivalugo*. Esta formación é obrigatoria de conformidade coas bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia. Para cubrir coa obriga prevista é imprescindible proceder á contratación da docencia da devandita formación, non sendo este custe un custe susceptible de ser subvencionado ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2023 e non existe crédito suficiente para a súa cobertura na partida do obradoiro 24102.22699.

A súa vez estase a preparar a licitación do mercado de nadal organizado polo servizo de Desenvolvemento Local sendo necesario cubrir tamén estos gastos.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, en concreto o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1459/2024 do 17.10.2024 así como os RCMOD Ref.: 69761/2024 por importe de 5.000 €, do 16.10.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio.

Neste caso, na providencia que inicia o expediente sinálase que se debe considerar que se trata de aplicacións orzamentaria pertencentes ao mesmo programa de gasto e dependentes da mesma Concellería, e que ata esta anualidade as actividades de formación en prevención de riscos laborais podían realizarse a través do servizo interno municipal, polo que se entende admisible a modificación.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac273875396001108957.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 53-2024 Desenvolvemento Local

esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 5.000 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	C.P.	IMPORTE €
24100.35200	5.000,00 €	24102.22699 24100.22799	232410202	3.735,70 € 1.264,30 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	5.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		5.000,00 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.